

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Novembro 2006

COMUNICADO

Descende o gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia en novembro de 2006 respecto ao mesmo mes do ano anterior

En novembro de 2006 descende nun 10,3% en taxa interanual o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia.

Segundo datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” correspondentes ao mes de novembro de 2006, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos descendeu en termos correntes nun 10,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, situándose en 27.676,0 miles de euros.

Neste sentido, en novembro de 2006 rexístrase un descenso tanto no gasto diario medio por persoa como no número de pernoitas realizadas por parte dos viaxeiros deste tipo de establecementos. O gasto diario medio por persoa foi de 119,3 euros, o que supuxo un descenso interanual do 2,7%. Ademais, rexístrouse un total de 231.923,0 pernoitas realizadas en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas, cun descenso do 7,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os resultados obtidos en función das provincias nas que se sitúan os establecementos hoteleiros amosan unha diminución do gasto total realizado por este tipo de viaxeiros nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra. En orde de importancia destaca o descenso rexistrado nas provincias de A Coruña e Pontevedra, cunha variación interanual do gasto total do -14,8% e -8,8% respectivamente. Así e todo, en novembro de 2006 o gasto total dos viaxeiros de establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas situados nas provincias de A Coruña e Pontevedra concentran o 87,0% do total. O gasto realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros da provincia de Lugo descendeu nun 1,3% en taxa interanual. Pola contra, o gasto total dos viaxeiros de establecementos hoteleiros da provincia de Ourense aumentou nun 12,7% en taxa interanual.

En novembro de 2006 rexístrase tamén un descenso no gasto total realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de Galicia clasificados segundo a categoría dos establecementos nos que se aloxan. Por orde de importancia acádanse variacións de -14,9%, -9,2% e -7,8% nas categorías de 3, 5 e 4 estrelas respectivamente.

A taxa de variación do gasto total acumulado no que vai de ano sitúase nun 14,5%.

O crecemento acumulado é do 14,2% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

O gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia descende en novembro de 2006 nun 2,7% en taxa interanual.

En novembro de 2006 o gasto diario medio por persoa foi de 119,3 euros, o que supuxo un descenso de 2,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Segundo a provincia na que se sitúan os establecementos hoteleiros obxecto de estudo, o gasto diario medio por persoa descende nas provincias de Lugo e Pontevedra nun 20,7% e 4,0% respectivamente en taxa interanual, acadando un importe de 85,2 e 117,9 euros en cada caso. Pola contra aumenta nas provincias de Ourense e A Coruña nun 17,4% e 0,1%, situándose nun importe de 114,4 e 128,1 euros respectivamente.

O gasto diario medio dos viaxeiros de establecementos hoteleiros de 3 e 4 estrelas de Galicia descendeu en novembro de 2006 nun 8,1% e 1,6% en taxa interanual, acadando un importe de 93,9 e 126,8 euros respectivamente. Pola contra, o gasto diario medio dos establecementos hoteleiros de 5 estrelas ascendeu a 204,6 euros, rexistrando en novembro de 2006 un aumento do 12,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

No que vai de ano o gasto diario medio por persoa é de 134,5 euros, cunha variación de interanual do 4,9%.

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Novembro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	27.676,0	-10,3%	14,5%
Gasto diario medio por persoa (euros)	119,3	-2,7%	4,9%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	27.676,0	-10,3%	14,2%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Novembro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	27.676,0	-10,3%	14,5%
A Coruña	13.561,3	-14,8%	25,8%
Lugo	1.802,7	-1,3%	21,7%
Ourense	1.796,0	12,7%	5,3%
Pontevedra	10.516,0	-8,8%	8,5%
Gasto diario medio	119,3	-2,7%	4,9%
A Coruña	128,1	0,1%	..
Lugo	85,2	-20,7%	..
Ourense	114,4	17,4%	..
Pontevedra	117,9	-4,0%	..

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros


Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Novembro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	27.676,0	-10,3%	14,5%
3 estrelas	8.428,0	-14,9%	19,4%
4 estrelas	16.013,3	-8,0%	12,4%
5 estrelas	3.234,6	-9,2%	30,2%
Gasto diario medio	119,3	-2,7%	4,9%
3 estrelas	93,9	-8,1%	..
4 estrelas	126,8	-1,6%	..
5 estrelas	204,6	12,1%	..

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
Fax: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>